



Escola de Enxeñaría de Telecomunicación

Páxina web

www.teleco.uvigo.es

Presentación

A Escola Enxeñaría de Telecomunicación, con acreditación institucional dende o 28/01/2019 (RD 420/2015), oferta un grao e catro másteres totalmente adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior, verificados pola ANECA axustándose ás Ordes Ministeriais CIN/352/2009 e CIN/355/2009.

Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación (GETT) - Bachelor's Degree in Telecommunication Technologies Engineering

(Acreditado EUR-ACE®, 15/04/2019; Plan de Excelencia Ultra 2020 da Xunta de Galicia).

O Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación habilita para o exercicio das profesións reguladas de enxeñaría técnica. As profesións reguladas son aquelas para que o exercicio require cumprir unha condición especial que, xeralmente, é estar en posesión dun determinado título académico. Na actualidade, réxense polo Real Decreto 1837/2008. O Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) determinou que as atribucións profesionais pódense adquirir coa titulación de grao (Enxeñeiros e Enxeñeiras Técnicos) ou coa titulación de mestrado universitario (Enxeñeiros e Enxeñeiras).

O GETT foi seleccionado para participar no Plan de Excelencia do Sistema Universitario de Galicia Ultra 2020, no que se recolle un conxunto de accións que teñen como obxectivo que as universidades galegas poidan dar un novo salto de calidade. Ao abeiro deste plan, a partir do curso 2018/19 **ofértase un itinerario en inglés para que, os alumnos e alumnas que o desexen, podan cursar nesta lingua ata o 80% dos créditos da titulación.**

<http://teleco.uvigo.es/images/stories/documentos/gett/diptico-uvigo-eet-grao-gal.pdf>

www: <http://teleco.uvigo.es/index.php/es/estudios/gett>

Máster en Enxeñaría de Telecomunicación

Determinadas profesións reguladas necesitan un nivel de estudos maior e así, para poder exercelas, requírese ter cursado un mestrado universitario habilitante. O Mestrado en Enxeñaría de Telecomunicación é un mestrado con atribucións profesionais plenas de Enxeñeiro e Enxeñeira de Telecomunicación, regulado pola Orde Ministerial CIN/355/2009 de 9 de febreiro de 2009 e publicado no BOE nº 44 de 20/02/2009.

<http://teleco.uvigo.es/images/stories/documentos/met/diptico-uvigo-eet-master-gal.pdf>

www: <http://teleco.uvigo.es/index.php/es/estudios/mit>

Mestrados Interuniversitarios

A oferta educativa actual do centro complétase con diferentes mestrados interuniversitarios interrelacionados co sector empresarial.

Master Interuniversitario en Ciberseguridade; www: <https://www.munics.es/>

Máster Interuniversitario en Matemática Industrial: www: <http://m2i.es>

Equipo directivo

EQUIPO DIRECTIVO DO CENTRO

Director: Íñigo Cuíñas Gómez (teleco.direccion@uvigo.es)

Subdirección de Relaciones Internacionais: Enrique Costa Montenegro (teleco.subdir.internacional@uvigo.es)

Subdirección de Extensión: Francisco Javier Díaz Otero (teleco.subdir.extension@uvigo.es)

Subdirección de Organización Académica: Manuel Fernández Veiga (teleco.subdir.academica@uvigo.es)

Subdirección de Calidade: Loreto Rodríguez Pardo (teleco.subdir.calidade@uvigo.es)

Secretaría e Subdirección de Infraestructuras: Miguel Ángel Domínguez Gómez (teleco.subdir.infraestructuras@uvigo.es)

COORDINACIÓN DO GRAO EN ENXEÑARÍA DE TECNOLOXÍAS DE TELECOMUNICACIÓN

Coordinadora Xeral: Rebeca Díaz Redondo (teleco.grao@uvigo.es)

http://teleco.uvigo.es/images/stories/documentos/comisions/membros_comisions_grao.pdf

COORDINACIÓN DO MESTRADO EN ENXEÑARÍA DE TELECOMUNICACIÓN

Coordinador Xeral: Manuel Fernández Iglésias (teleco.master@uvigo.es)

http://teleco.uvigo.es/images/stories/documentos/comisions/membros_comisions_master.pdf

COORDINACIÓN DO MESTRADO INTERUNIVERSITARIO EN CIBERSEGURIDADE

Coordinada Xeral: Ana Fernández Vilas (camc@uvigo.es)

http://teleco.uvigo.es/images/stories/documentos/comisions/membros_comisions_master_ciberseguridade.pdf

COORDINACIÓN DO MESTRADO INTERUNIVERSITARIO EN MATEMÁTICA INDUSTRIAL

Coordinadora Xeral: Elena Vázquez Cendón (USC)

Coordinador UVIGO: José Durany Castrillo (durany@dma.uvigo.es)

<http://www.m2i.es/?seccion=coordinacion>

COORDINACIÓN DO MESTRADO INTERUNIVERSITARIO EN VISIÓN POR COMPUTADOR

Coordinador Xeral: Xose Manuel Pardo López (USC)

Coordinador UVIGO: José Luis Alba Castro (jalba@gts.uvigo.es)

<https://www.imcv.eu/legal-notice/>

Máster Universitario en Ciberseguridade

Materias

Curso 1

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
--------	------	--------------	-----------

V05M175V01101	Xestión da seguridade da información	1c	6
V05M175V01102	Seguridade da información	1c	6
V05M175V01103	Seguridade en comunicacións	2c	6
V05M175V01104	Seguridade de aplicacións	1c	6
V05M175V01105	Redes Seguras	1c	6
V05M175V01201	Conceptos e leis en ciberseguridade	2c	3
V05M175V01202	Fortificación de sistemas operativos	1c	5
V05M175V01203	Tests de intrusión	2c	5
V05M175V01204	Análise de malware	2c	5
V05M175V01205	Seguridade como negocio	2c	3
V05M175V01206	Seguridade en dispositivos móbiles	2c	3
V05M175V01207	Análise forense de equipos	2c	3
V05M175V01208	Seguridade ubicua	2c	3
V05M175V01209	Ciberseguridade en contornas industriais	2c	3
V05M175V01210	Xestión de incidentes	2c	3

DATOS IDENTIFICATIVOS**Xestión da seguridade da información**

Materia	Xestión da seguridade da información			
Código	V05M175V01101			
Titulación	Máster Universitario en Ciberseguridade			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Caeiro Rodríguez, Manuel			
Profesorado	Caeiro Rodríguez, Manuel Fernández Vilas, Ana López Rivas, Antonio Daniel			
Correo-e	mcaeiro@det.uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.es			
Descrición xeral	Nesta materia introdúcense os conceptos fundamentais relacionados coa xestión da seguridade da información (e.g. vulnerabilidade, ameaza, risco) e estúdanse as metodoloxías, ferramentas e especificacións que se ocupan da análise de riscos e do desenvolvemento de sistemas de xestión de seguridade da información.			

Competencias

Código	
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidas dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo
CB3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formar xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
CG1	Ter capacidade de análise e síntesis. Ter capacidade para proxectar, modelar, calcular e deseñar solucións de seguridade da información, as redes e/ou os sistemas de comunicacións en todos os ámbitos de aplicación
CG2	Resolución de problemas. Ter capacidade de resolver, cos coñecementos adquiridos, problemas específicos do ámbito técnico da seguridade da información, as redes e/ou os sistemas de comunicacións.
CE5	Deseñar, implantar e manter un sistema de xestión da seguridade da información utilizando metodoloxías de referencia
CE7	Ter capacidade para realizar a auditoría de seguridade de sistemas e instalacións, o análise de riscos derivados de debilidades de ciberseguridade e desenvolver o proceso de certificación de sistemas seguros
CE13	Ter capacidade de análise, detección e eliminación de vulnerabilidades, e do malware susceptible de utilizalas, en sistemas e redes
CT4	Valorar a importancia da seguridade da información no avance socioeconómico da sociedade
CT5	Ter capacidade para comunicarse oralmente e por escrito en inglés.

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Coñecer os conceptos fundamentais relacionados coa Xestión da Seguridade da Información: vulnerabilidade, ameaza, risco, contramedida, política de seguridade, plan de seguridade, auditoría	CB2 CB3 CT4 CT5
Coñecer as diferentes metodoloxías de Xestión de Seguridade da Información, comúnmente aceptadas	CG1 CG2 CE5 CT5
Coñecer as ferramentas propias para levar a cabo tarefas relacionadas coa análise de riscos e a auditoría de seguridade, así como saber cales son as máis adecuadas a cada contorna	CG1 CG2 CE7 CE13 CT5

Contidos

Tema

Fundamentos	Conceptos básicos: Confidencialidade, Integridade, Dispoñibilidade, ameaza, risco, etc. Marco legal da ciberseguridade Normalización: estándares e especificacións Centros de operacións de seguridade
Análise de riscos, xestión e certificación	ISO 27005 e ISO 31000 Metodoloxías e ferramentas de análises de riscos Estratexia Nacional de Seguridade
Sistemas de Xestión de Seguridade da Información	ISO27000, 27001 y 27002 Esquema Nacional de Avaliación e Certificación das Tecnoloxías da Información Clasificación de información Formación e concienciación
Impacto de negocio	Roles de ciberseguridade Secuencia típica dun ataque Resilencia Xestión da continuidade do negocio Plan de continxencia
Auditoría de seguridade	Obxectivos de control Marcos e estándares para a auditoría Auditoría de seguridade dos datos persoais Delegado de protección de datos

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	19	29	48
Traballo tutelado	0.5	10	10.5
Prácticas de laboratorio	18	57	75
Exame de preguntas obxectivas	1.5	3	4.5
Estudo de casos	3	9	12

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Presentación por parte do profesorado do temario da materia. Con esta metodoloxía trabállanse as competencias: CE5, CE7, CE13, CT4 e CT5.
Traballo tutelado	Cada alumno de forma individual realizará un traballo sobre un dos temas da materia a presentar no grupo A. Con esta metodoloxía traballarase as competencias CG1, CG2, CT4 e CT5.
Prácticas de laboratorio	No laboratorio desenvolveranse prácticas guiadas e suscitaranse casos de estudo prácticos. Con esta metodoloxía traballarase as competencias CB2, CB3, CG1, CG2, CE5, CE7, CE13 e CT5.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	O profesorado da materia proporcionará atención individual e personalizada ao alumnado durante o curso, solucionando as súas dúbidas e preguntas. As dúbidas atenderanse de forma presencial ou en liña (durante a propia sesión maxistral, ou durante o horario establecido para as titorías). O horario de titorías establecerase ao principio do curso e publicarase na páxina web da materia.
Prácticas de laboratorio	O profesorado da materia proporcionará atención individual e personalizada ao alumnado durante o curso, solucionando as súas dúbidas e preguntas. Así mesmo, o profesorado orientará e guiará ao alumnado durante a realización das tarefas que teñen asignadas nas prácticas de laboratorio. As dúbidas atenderanse de forma presencial (durante as prácticas, ou durante o horario establecido para titorías). O horario de titorías establecerase ao principio do curso e publicarase na páxina web da materia.
Traballo tutelado	O profesorado da materia proporcionará atención individual e personalizada ao alumnado durante o curso, solucionando as súas dúbidas e preguntas. Así mesmo, o profesorado orientará e guiará ao alumnado durante a realización das tarefas que teñen asignadas nas prácticas de laboratorio. As dúbidas atenderanse de forma presencial (durante as prácticas, ou durante o horario establecido para titorías). O horario de titorías establecerase ao principio do curso e publicarase na páxina web da materia.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
------------	---------------	------------------------

Traballo tutelado	Cada alumno de forma individual realizará un traballo sobre un dos temas da materia a presentar no grupo A	10	CG1 CG2	CT4 CT5
Exame de preguntas obxectivas	Exame de coñecementos teóricos e de desenvolvemento práctico	50	CG1 CG2	CE5 CE7 CT4 CT5
Estudo de casos	Desenvolveranse exercicios de casos prácticos sobre a análise de riscos e a realización de plans de seguridade	40	CB2 CB3	CE13 CE5 CE7 CT5 CE13

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os estudantes poden decidir ser avaliados segundo un modelo de avaliación continua ou ben de avaliación única. Tódolos alumnos que entreguen o primeiro dos estudos de casos están optando pola avaliación continua. Unha vez os estudantes opten polo modelo de avaliación continua a súa cualificación non poderá ser nunca "Non presentado".

No modelo de avaliación continua a cualificación será o resultado de aplicar a media ponderada entre os resultados: (i) exame escrito (50%), (ii) estudo de casos (40%) e (iii) traballo tutelado (10%).

No modelo de avaliación única a cualificación será o resultado de aplicar a media ponderada entre os resultados: (i) exame escrito (50%), (ii) estudo de casos (50%).

Exame escrito:

Terá lugar nas datas publicadas no calendario oficial. Incluirá preguntas sobre os contidos e os casos prácticos.

Parte práctica:

1- Modelo de avaliación continua. Sendos informes de 2 casos prácticos e 2 avaliacións de informes de compañeiros que se entregarán nas semanas indicadas no documento que se facilitará aos alumnos o primeiro día de clase. Un informe será sobre análise de riscos e o outro sobre o desenvolvemento dun plan de seguridade (SGSI). Cada informe tenr un peso na nota final do 15% e cada avaliación do 5%. Os informes desenvolveranse en grupo e todos os alumnos do mesmo grupo recibirán ea mesma cualificación. As avaliacións realizaranse de forma individual. Tamén é necesario realizar un traballo tutelado sobre un tema da asignatura a presentar no grupo A.

2- Modelo de avaliación única. Entrega individual de 2 informes dos dous casos prácticos na mesma data do exame escrito publicado no calendario oficial. Neste caso non se realizará a avaliación de informes de compañeiros e cada informe tenr un peso na nota final do 25%.

Na avaliación en segunda oportunidade os estudantes serán avaliados utilizando a modalidade de avaliación única.

Si se detectase plaxio en calquera das probas de avaliación, a cualificación final da materia será de "suspenso (0)", feito que se comunicará á dirección da escola para adoptar as medidas oportunas.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Campbell, Tony, **Practical Information Security Management: A Complete Guide to Planning and Implementation**, Apress, 2016

UNE-EN ISO, **Protección y seguridad de los ciudadanos. Sistema de Gestión de la Continuidad del Negocio. Especificaciones. (ISO 22301:2012)**., AENOR, 2015

UNE-EN ISO, **Protección y seguridad de los ciudadanos. Sistema de Gestión de la Continuidad del Negocio. Directrices. (ISO 22313:2012)**., AENOR, 2015

UNE-EN ISO, **Tecnología de la información. Técnicas de seguridad. Sistemas de Gestión de la Seguridad de la Información. Requisitos. (ISO/IEC 27001:2013 incluyendo Cor 1:2014 y Cor 2:2015)**, AENOR, 2017

UNE-EN ISO, **Tecnología de la Información. Técnicas de seguridad. Código de prácticas para los controles de seguridad de la información. (ISO/IEC 27002:2013 incluyendo Cor 1:2014 y Cor 2:2015)**., AENOR, 2017

ISO/IEC, **Information technology -- Security techniques -- Information security management systems -- Overview and vocabulary (ISO/IEC 27000:2018)**, ISO/IEC, 2018

ISO/IEC, **Information technology -- Security techniques -- Information security management systems -- Guidance (ISO/IEC 27003:2017)**, ISO/IEC, 2017

ISO/IEC, **Information technology -- Security techniques -- Information security management -- Monitoring, measurement, analysis and evaluation (ISO/IEC 27004:2016)**, ISO/IEC, 2016

ISO/IEC, **Information technology -- Security techniques -- Information security risk management (ISO/IEC 27005:2011)**, ISO/IEC, 2011

Bibliografía Complementaria

Gómez Fernández, Luis y Fernández Rivero, Pedro Pablo, **Como implantar un SGSI según UNE-ISO/IEC 27001:2014 y su aplicación en el ENS**, AENOR, 2015

Fernández Sánchez, Carlos Manuel y Piatini Velthuis, Mario, **Modelo para el gobierno de las TIC basado en las normas ISO**, AENOR, 2012

ISO, **Risk management -- Principles and guidelines (ISO/IEC 31000:2009)**, ISO, 2009

Alan Calder Steve Watkins, **IT Governance: An International Guide to Data Security and ISO27001/ISO27002**, 5, Kogan Page, 2012

Alan Calder, **Nine Steps to Success - North American edition: An ISO 27001:2013 Implementation Overview**, 1, IT Governance Publishing, 2017

Edward Humphreys, **Implementing the ISO / IEC 27001 ISMS Standard**, 2, Artech House, 2016

Recomendacións

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

Facilitaranse as presentacións para os grupos A a través de Moovi.

No caso dos grupos B o profesorado titor poderá establecer canles de comunicación co alumnado a través de Campus Remoto, Fatic ou outras ferramentas.

As titorías relalizaranse por medios telemáticos (correo electrónico, Campus Remoto, foros de Moovi, etc.) baixo cita previa.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

No caso de activación de docencia non presencial, non se realizarán cambios no modelo de avaliación.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Seguridade da información**

Materia	Seguridade da información			
Código	V05M175V01102			
Titulación	Máster Universitario en Ciberseguridade			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua impartición	Inglés			
Departamento				
Coordinador/a	Fernández Veiga, Manuel			
Profesorado	Fernández Veiga, Manuel Gestal Pose, Marcos Pérez González, Fernando			
Correo-e	mveiga@det.uvigo.es			
Web	http://movi.uvigo.gal			
Descrición xeral	Nesta materia se estúdanse as técnicas de criptografía e criptoanálise, a xeración de números e funcións aleatorias, os métodos de integridade de mensaxes, o cifrado autenticado, o cifrado asimétrico, os métodos de privacidade e anonimato da información, os esquemas de computación segura e a esteganografía. Todas as anteriores son ferramentas básicas para a protección da información en redes e sistemas.			

Competencias

Código	
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidas dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo
CB5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo
CE1	Coñecer, comprender e aplicar os métodos de criptografía e criptoanálisis, os fundamentos de identidade dixital e os protocolos de comunicacións seguras.
CE4	Comprender e aplicar os métodos e técnicas de ciberseguridade aplicables ós datos, os equipos informáticos, as redes de comunicacións, as bases de datos, os programas e os servizos de información
CE10	Coñecer os fundamentos matemáticos das técnicas criptográficas e comprender a súa evolución e tendencias futuras.

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Coñecer os conceptos de cifrado Shannon, seguridade perfecta e seguridade semántica	CE1 CE10
Coñecer e saber utilizar os métodos de cifrado en fluxo	CE1 CE4 CE10
Coñecer e saber utilizar os métodos de cifrado en bloque, as función pseudoaleatorias e os estándares DES e AES	CE1 CE4 CE10
Comprender, saber construír e saber utilizar as funcións de hash, as funcións hash universais e con elas os mecanismos de integridade da información	CE1 CE4 CE10
Comprender e saber utilizar os principios do cifrado de chave pública e os correspondentes esquemas criptográficos: Diffie-Hellman, RSA, ElGamal. Comprender e saber utilizar as firmas dixitais	CE1 CE4 CE10
Coñecer os fundamentos das técnicas de cifrado avanzado: cifrado con curvas elípticas e cifrado sobre retículas	CB2 CB5 CE1 CE4 CE10
Coñecer e saber utilizar os protocolos de intercambio de chaves e de comunicación interactivas seguras	CB5 CE1 CE4 CE10
Coñecer, comprender e saber utilizar as técnicas de anonimización dos datos	CB5 CE1 CE4 CE10

Coñecer, comprender e saber aplicar as técnicas básicas de esteganografía, marcados de auga e forensia dixital	CB2 CB5 CE1 CE4 CE10
Coñecer e comprender as ideas básicas da computación segura	CB2 CB5 CE1 CE4 CE10

Contidos

Tema	
1. Cifrado	Cifrado Shannon. Seguridade perfecta. Seguridade semántica. Seguridade baseada na teoría da información. A canle wiretap
2. Cifrado en fluxo	Xeneradores pseudoaleatorios simples e compostos. Ataques. Casos de estudo
3. Cifrado en bloques	Cifrado en bloques. Seguridade. DES. AES. Funcións pseudoaleatorias. Contrución de PRF e cifrado en bloques.
4. Integridade	Códigos de autenticación e integridade de mensaxes. Definición de seguridade. MAC con chaves. Funcións pseudoaleatorias e MAC. Funcións hash. Hashing universal e resistente a colisión. Casos de estudo
5. Cifrado autenticado	Definición. Composición. Ataques. Exemplos e casos de estudo
6. Cifrado con chave pública	Definición. Seguridade semántica. Funcións ducha dirección. Esquemas RSA, ElGamal, Diffie-Hellman. Firmas dixitais. Casos de estudo.
7. Cifrado avanzado	Cifrado sobre curvas elípticas. Retículos e cifrado sobre retículas. RLWE. Ataques cuánticos. Cifrado homomórfico
8. Protocolos de identificación	Definición. Contraseñas (dun so uso). Challenge.response. Sigma-protocolos. Esquemas de Okamoto e Schnorr. Casos de estudo.
9. Anonimización	Definición. t-integridade, diverxencia, análise
10. Ocultación de datos e forensia dixital	Definición. Marcado de auga mediante espectro ensanchado. Codificación de papel sucio. Forensia dixital.
11. Computación segura	Funcións computables. Computación segura a dúas vías e a varias vías. Computación interactiva. Computación homomórfica. Aplicacións.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	0	24	24
Prácticas de laboratorio	18	36	54
Lección maxistral	17	51	68
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	0	1
Proxecto	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas	Os estudantes resolverán problemas e exercicios sobre o material do curso. Con esta metodoloxía trabállanse as competencias CB2, CB4, CB5, CE1, CE4, CE10 e CT5.
Prácticas de laboratorio	Os estudantes desenvolverán no laboratorio prácticas de seguridade da información con ordenador, e un proxecto de programación sobre cifrado, firma, anonimato ou forensia. As prácticas e proxectos estarán supervisados polos profesores. Con esta metodoloxía trabállanse as competencias CB2, CB4, CB5, CE1, CE4, CE10 e CT4.
Lección maxistral	Exposición sistemática dos contidos do curso: conceptos, resultados, algoritmos, exemplos e casos de uso. Con esta metodoloxía trabállanse as competencias CB2, CB4, CB5, CE1, CE4, CE10 e CT5.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------

Lección maxistral	Ofrecese atención individual aos estudantes que precisen orientación para o estudo, explicacións adicionais sobre os contados da disciplina, aclaración ou guía sobre resolución de problemas
Resolución de problemas	Atenderanse individualmente as consultas sobre a resolución de problemas e exercicios planteados nas clases ou traballados de xeito autónomo
Prácticas de laboratorio	Responderanse individualmente as cuestións relativas ás prácticas de laboratorio e ao desenvolvemento do proxecto

Avaliación				
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas	
Exame de preguntas de desenvolvemento	Exame escrito. Resolución de cuestións, exercicios ou problemas.	50	CB2 CB5	CE1 CE4 CE10
Resolución de problemas e/ou exercicios	2 ou 3 conxuntos de problemas, exercicios ou cuestións ao longo do curso, para resolución individual polos estudantes. Entrega por escrito	20	CB2 CB5	CE1 CE4 CE10
Proxecto	Desenvolvemento dun proxecto de implementación dun sistema de protección da información. Probas funcionais e de rendemento.	30	CB2 CB5	CE1 CE4 CE10

Outros comentarios sobre a Avaliación

Déixanse a discreción dos alumnos dous métodos de avaliación alternativos na materia: avaliación continua e avaliación única.

A avaliación continua consistirá na realización dun exame final (50% da cualificación) e no desenvolvemento de proxectos de enxeñaría a escala (50% da cualificación) que se presentará antes do último día hábil anterior ao período oficial de exames. A avaliación única consistirá na realización dun exame final escrito (60% da cualificación) e no desenvolvemento de proxectos de enxeñaría a escala (40% da cualificación) que se presentará antes do último día hábil anterior ao período oficial de exames. As probas escritas das modalidades de avaliación única e continua non serán necesariamente iguais.

Os alumnos optarán por unha ou outra modalidade de avaliación ata a data do exame escrito do curso.

Quen non superen a materia na primeira oportunidade da convocatoria dispoñen dunha segunda oportunidade ao final do curso na que se reavaliarán os seus coñecementos cunha proba escrita ou se reavaliará o seu proxecto se se mellorou ou modificou. Os pesos de cada unha das probas (exame e proxecto) serán os mesmos que no período ordinario de avaliación conforme á modalidade que se elixiu.

A cualificación das probas só fornece efecto no curso académico en que se obteñan, con independencia do itinerario de avaliación escollido.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

D. Boneh, V. Shoup, **A graduate course in applied cryptography**, <http://toc.cryptobook.us>, 2018

Bibliografía Complementaria

O. Goldreich, **Foundation of cryptography, vol. I**, Cambridge University Press, 2007

O. Goldreich, **Foundation of cryptography, vol. ii**, Cambridge University Press, 2009

J. Katz, Y. Lindell, **Introduction to modern cryptography**, 2, CRC Press, 2015

A. Menezes, P. van Oorschot, S. Vanstone., **Handbook of applied cryptography**, CRC Press, 2001

C. Dwork, A. Roth, **The algorithmic foundations of differential privacy**, NOW Publishers, 2014

W. Mazurczyk, S. Wenzel, S. Zander, A. Houmansadr, K. Szczypiorski, **Information hiding in communications networks: Fundamentals, mechanisms, applications, and countermeasures**, Wiley, 2016

I. Cox, M. Miller, J. Bloom, J. Fridrich, T. Kolker, **Digital watermarking and steganography**, 2, Morgan Kaufmann, 2008

A. El-Gamal, Y. Kim, **Network Information Theory**, Cambridge University Press, 2011

Recomendacións

Outros comentarios

A materia impártese en inglés. É recomendable ser capaz de para o razoamento matemático

Descrición

No caso de que a docencia presencial tiñese que ser temporalmente interrompida ou cancelada por motivos de saúde pública, todas as actividades da materia (clases, tarefas, exames, entregas) pasarán a desenvolverse online coas ferramentas que dispoñan as universidades, e terán a mesma ponderación que a que figura nos outros apartados desta guía docente.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Seguridade en comunicacións**

Materia	Seguridade en comunicacións			
Código	V05M175V01103			
Titulación	Máster Universitario en Ciberseguridade			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	2c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Dpto. Externo Enxeñaría telemática			
Coordinador/a	Rodríguez Rubio, Raúl Fernando			
Profesorado	Fernández Iglesias, Diego Rodríguez Rubio, Raúl Fernando Suárez González, Andrés			
Correo-e	rrubio@det.uvigo.es			
Web	http://https://moovi.uvigo.gal			
Descrición xeral	Esta materia realiza un repaso polas capas da arquitectura de comunicacións de Internet, mostrando as súas principais debilidades desde o punto de vista da seguridade, e proporcionando as técnicas e ferramentas necesarias para mitigalas. Os estudantes coñecerán en detalle os protocolos de rede que provén de seguridade á transmisión da información, e as implicacións derivadas do lugar que ocupan dentro da arquitectura en que se organiza o software de comunicacións.			

Competencias

Código	
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidas dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo
CB4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións ---e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan--- a públicos especializados e non especializados de un modo claro e sen ambigüidades
CB5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo
CG1	Ter capacidade de análise e síntesis. Ter capacidade para proxectar, modelar, calcular e diseñar solucións de seguridade da información, as redes e/ou os sistemas de comunicacións en todos os ámbitos de aplicación
CG3	Capacidade para o razonamiento crítico e a avaliación crítica de calquera sistema de protección da información, calquera sistema de seguridade da información, da seguridade das redes e/ou os sistemas de comunicacións
CG5	Ter capacidade para aplicar os coñecementos teóricos na práctica, no marco de infraestruturas, equipamentos e aplicacións concretos, e suxeitos a requisitos de funcionamento específicos
CE1	Coñecer, comprender e aplicar os métodos de criptografía e criptoanálisis, os fundamentos de identidade dixital e os protocolos de comunicacións seguras.
CE2	Coñecer en profundidade as técnicas de ciberataque e ciberdefensa
CE4	Comprender e aplicar os métodos e técnicas de ciberseguridade aplicables ós datos, os equipos informáticos, as redes de comunicacións, as bases de datos, os programas e os servizos de información
CE8	Ter capacidade para concibir, deseñar, poñer en práctica e manter sistemas de ciberseguridade
CT4	Valorar a importancia da seguridade da información no avance socioeconómico da sociedade
CT5	Ter capacidade para comunicarse oralmente e por escrito en inglés.

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Saber identificar que solución/protocolo é o axeitado para asegurar unha contorna determinada	CB5 CG1 CG3 CG5 CE1 CE2 CE4 CT4 CT5
Coñecer as solucións que se esconden tras certos servizos de rede e/ou aplicacións universalmente utilizadas	CB5 CE2 CE8 CT4 CT5

Ser capaces de configurar as diferentes ferramentas (paquetes software) que os distintos sistemas operativos/plataformas achégannos para activar a seguridade nas comunicacións.	CB2 CB5 CG5 CT4 CT5
Adquirir a capacidade de redactar informes técnicos xustificando a idoneidade dunha solución de ciberseguridade para un problema ou contorna determinada	CB4 CG1 CG3

Contidos

Tema	
Arquitectura e protocolos de Internet	Conceptos fundamentais.
Seguridade no nivel de enlace	Seguridade en redes cableadas/Ethernet: Control de acceso e autenticación baseada en portos Confidencialidade en redes Ethernet
Seguridade no nivel de rede	Seguridade en redes sen fíos/WiFi: WPA/2/3 seguridade persoal WPA/2/3 seguridade empresarial
Asegurando a infraestrutura de Internet	IPsec Protocolos de seguridade Xestión dinámica de chaves Mecanismos de autenticación
Seguridade na transmisión dos datos	Encamiñamento seguro Seguridade en DNS Seguridade en TCP
Seguridade en redes móbiles	O protocolo TLS Suites criptográficas Infraestrutura WebPKI Validación de certificados
	Arquitectura do sistema Asociación e autenticación do terminal/usuario Privacidade

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	21	21	42
Prácticas de laboratorio	19	19	38
Prácticas con apoio das TIC	0	58	58
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	0	10	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	As sesións maxistras seguen o esquema habitual para este tipo de docencia. Nestas sesións trabállanse as competencias CG3, CE1, CE2, CE4, CE8
Prácticas de laboratorio	Realizaranse varias sesións prácticas guiadas polos profesores onde se asentarán os conceptos apresos nas clases teóricas. En ditas prácticas utilizaranse dispositivos de rede reais (routers e switches) e/ou software de virtualización que permitirá ao alumno a súa instrución e adestramento na súa propia casa. De forma natural, as actividades definidas poderán incluír apartados/retos adicionais que complementarán o traballo autónomo do estudante, que se describe no seguinte ítem. Os alumnos deben adquirir nas prácticas as competencias CB2, CB4, CG1, CG3, CG5, CE1, CE4, CE8
Prácticas con apoio das TIC	Máis aló das prácticas guiadas, o alumno terá que despregar/configurar/implementar algunhas solucións particulares, para certos escenarios, de forma autónoma. Nestas actividades trabállanse as competencias CB2, CB4, CB5, CG1, CG3, CG5, CE1, CE4, CE8

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Durante as horas de titoría os docentes realizarán unha atención personalizada para fortalecer ou orientar ao alumno na comprensión dos conceptos teóricos explicados nas clases maxistras ou nas sesións demostrativas de carácter práctico; e para corrir ou reorientar os pequenos traballos prácticos optativos derivados de devanditas clases de laboratorio.

Prácticas de laboratorio	Esta actividade é interactiva por definición, polo que se espera que as cuestións flúan con naturalidade entre docentes e estudantes, podendo involucrar a outros estudantes nas respostas buscadas.
Prácticas con apoio das TIC	Aínda que o traballo autónomo está orientado a que o estudante resolva pola súa conta situacións/retos que se atopará nos sistemas reais, nas horas de tutoría os docentes poderán orientalo cuestionando as solucións elixidas ou suxerindo camiños alternativos.

Avaliación				
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas	
Prácticas de laboratorio	Serán cualificadas como apto/non apto. O alumno será apto se asiste a todas as sesións deste tipo. Se por algún motivo perdera algunha, deberá suplila realizando algunha práctica complementaria que o profesor definirá no seu momento. Nalgunhas das sesións/actividades poderase solicitar ao alumno un traballo autónomo adicional (e o seu informe asociado) que se avaliará cuantitativamente dentro do ítem máis xeral que denominamos "Prácticas autónomas a través de TIC"	0	CB2 CB4 CB5	CG5 CE4 CT4 CE8 CT5
Prácticas con apoio das TIC	Os estudantes terán que realizar, ante os profesores, a demostración práctica que mostre a resolución dos distintos retos técnicos abordados, enfrontándose a preguntas sobre as solucións adoptadas e o seu grao de finalización. Esta defensa/entrevista terá lugar, por termo xeral, tras a entrega da última tarefa encargada e antes do periodo oficial de exames de cada convocatoria; consensuándose a data concreta entre alumnos e profesores con antelación suficiente. Todo reto ou actividade autónoma esixirá un informe escrito, cuxa estrutura, composición e claridade terán o seu peso na valoración final.	40	CB2 CB4 CB5	CG5 CE1 CT4 CE4 CT5 CE8
Exame de preguntas de desenvolvemento	Realizarase un exame escrito ao final do cuadrimestre, onde se avaliarán tanto os conceptos teóricos impartidos nas sesións maxistras, como os fundamentos prácticos derivados das clases/traballos prácticos acometidos.	60	CB4	CE1 CT4 CE2 CE4
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	O traballo autónomo do alumno deberá ser recollido nos informes de prácticas pertinentes, e a súa valoración formará parte da valoración integral daquel.	0	CB4 CG3	CG1 CT4 CT5

Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación da materia poderá seguir a canle de avaliación continua ou ben avaliación única. Un alumno elixirá avaliación continua ao entregar a solución e informe do primeiro reto ou traballo autónomo que se lle esixa durante o devir normal do curso. As porcentaxes expresadas no epígrafe anterior só reflicten o máximo conseguible en cada tipo de proba na modalidade de avaliación continua; e son só orientativos. A forma de avaliación detallada exprésase a continuación:

Para a avaliación continua (primeira oportunidade), a nota final será a media xeométrica ponderada entre a nota do traballo autónomo (TA, 40%) e a cualificación correspondente ao exame de preguntas de desenvolvemento (E, 60%). A nota TA será a media aritmética das cualificacións asociadas a cada un dos retos/prácticas autónomas que o alumno terá que resolver ao longo do cuadrimestre.

$$\text{NOTA FINAL}(EC)=(TA^{0.4})\times(E^{0.6})$$

Se as prácticas de laboratorio foron cualificadas como non aptas, a nota será a mínima entre a nota do exame escrito (E) e 3.

Os alumnos que opten pola avaliación única deberán presentarse a un exame final que consistirá de tres partes: unha proba escrita análoga á proba de avaliación continua (E), unha proba de aptitude no laboratorio e un ou varios traballos prácticos (T). A nota final, neste caso, é a media xeométrica ponderada entre a nota de teoría (E, 80%) e o traballo práctico (T, 20%), coa condición de que se supere a proba de aptitude. Se o alumno non supera a proba de aptitude, a nota final será o mínimo entre E e 3.

$$\text{NOTA FINAL}(EU)=(T^{0.2})\times(E^{0.8})$$

Finalmente, para a segunda oportunidade (xuño/xullo), o alumno poderá proseguir co modo de avaliación que xa elixira (conservándosele a nota da parte -E ou TA/T- que superase, e afrontando unicamente a parte suspensa - con posibles modificacións nas especificacións dos traballos prácticos), ou encarar desde cero unha avaliación que terá as mesmas

características que o exame final que acabamos de describir. A proba de aptitude só será necesaria se non asistiu a todas as sesións do laboratorio.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

- I. Ristic, **Bulletproof SSL and TLS, ser. Computers/Security**, London: Fesity Duck, 2015
- A. Liska and G. Stowe, **DNS Security: Defending the Domain Name System**, Boston: Syngress, 2016
- Yago Fernández Hansen, Antonio Angel Ramos Varón, Jean Paul García-Moran Maglaya, **RADIUS / AAA / 802.1x**, RA-MA Editorial, 2008
- Graham Bartlett, Amjad Inamdar, **IKEv2 IPsec Virtual Private Networks: Understanding and Deploying IKEv2, IPsec VPNs, and FlexVPN in Cisco IOS**, CISCO PRESS, 2016
- Madhusanka Liyanage, Ijaz Ahmad, Ahmed Abro, Andrei Gurtov, Mika Ylianttila, **A Comprehensive Guide to 5G Security**, Wiley, 2018

Bibliografía Complementaria

- D. J. D. Touch, **Defending TCP Against Spoofing Attacks**, IETF, 2007
- R. R. Stewart, M. Dalal, and A. Ramaiah, **Improving TCP's Robustness to Blind In-Window Attacks**, IETF, 2010
- D. J. Bernstein, **SYN cookies**,
- P. McManus, **Improving syncookies**, 2008
- C. Pignataro, P. Savola, D. Meyer, V. Gill, and J. Heasley, **The Generalized TTL Security Mechanism (GTSM)**, IETF, 2007
- D. J. D. Touch, R. Bonica, and A. J. Mankin, **The TCP Authentication Option**, IETF, 2010
- S. Rose, M. Larson, D. Massey, R. Austein, and R. Arends, **DNS Security Introduction and Requirements**, IETF, 2005
- R. Arends, R. Austin, M. Larson, D. Massey, S. Rose, **Resource Records for the DNS Security Extensions**, IETF, 2005
- R. Arends, R. Austein, M. Larson, D. Massey, S. Rose, **Protocol Modifications for the DNS Security Extensions**, IETF, 2005
- Cloudflare Inc., **How DNSSEC works**,
- P. E. Hoffman and P. McManus, **DNS Queries over HTTPS (DOH)**, IETF, 2018
- E. Jones and O. L. Moigne, **OSPF security vulnerabilities analysis**, IETF, 2006
- M. Khandelwal and R. Desetti, **OSPF security: Attacks and defenses**, 2016
- J. Durand, I. Pepelnjak, and G. Doering, **BGP operations and security**, IETF, 2015
- R. Kuhn, K. Sriram, and D. Montgomery, **Border gateway protocol security**, NIST, 2007
- C. Pelsser, R. Bush, K. Patel, P. Mohapatra, and O. Maennel, **Making route flap damping usable**, IETF, 2014
- Y. Rekhter, J. Scudder, S. S. Ramachandra, E. Chen, and R. Fernando, **Graceful restart mechanism for BGP**, IETF, 2007
- IEEE 802.1 Working Group, **IEEE Std 802.1X - 2010. Port-Based Network Access Control**, IEEE Computer Society, 2010
- Security Task group of IEEE 802.1, **IEEE Std 802.1AE. Medium Access Control Security**, IEEE Computer Society, 2018
- S. Kent, K. Seo, **Security Architecture for the Internet Protocol**, IETF, 2005
- S. Kent, **IP Authentication Header**, IETF, 2005
- S. Kent, **IP Encapsulating Security Payload**, IETF, 2005
- C. Kaufman, P. Hoffman, Y. Nir, P. Eronen, T. Kivinen, **Internet Key Exchange Protocol Version 2 (IKEv2)**, IETF, 2014
- J. Cichonski, J. M. Franklin, M. Bartock, **Guide to LTE Security**, NIST Special Publication 800-187,

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

- Redes Seguras/V05M175V01105
- Seguridade da información/V05M175V01102

Plan de Continxencias

Descrición

Non se prevé que sexa necesario realizar ningún cambio na planificación docente da materia. Todas as tarefas previstas poden ser desenvolvidas de xeito remoto cos equipos con que normalmente contan os estudantes.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Seguridade de aplicacións**

Materia	Seguridade de aplicacións			
Código	V05M175V01104			
Titulación	Máster Universitario en Ciberseguridade			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento				
Coordinador/a	López Nores, Martín			
Profesorado	Bellas Permuy, Fernando López Nores, Martín Losada Pérez, José			
Correo-e	mlnores@det.uvigo.es			
Web	http://guiadocente.udc.es/guia_docent/index.php?centre=614&ensenyament=614530&assignatura=614530005&any_academic=2020_21&idioma_assig=cast			
Descrición xeral	Desenvolver aplicacións seguras non é unha tarefa trivial. Coñecer as vulnerabilidades que habitualmente sofren as aplicacións, os mecanismos de autenticación, autorización e control de acceso, así como a incorporación da seguridade ó ciclo de vida de desenvolvemento, é esencial para poder construír e manter aplicacións seguras con éxito. En esta materia estúdanse de forma práctica todos estes aspectos, con especial énfase no desenvolvemento de aplicacións e servizos web			

Competencias

Código

Resultados de aprendizaxeResultados de aprendizaxe Competencias**Contidos**

Tema

Planificación

Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
---------------	--------------------	--------------

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

Descrición

Atención personalizada**Avaliación**

Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
------------	---------------	------------------------

Outros comentarios sobre a Avaliación**Bibliografía. Fontes de información****Bibliografía Básica****Bibliografía Complementaria****Recomendacións****Plan de Continxencias****Descrición**

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

- * Metodoloxías docentes que se manteñen

- * Metodoloxías docentes que se modifican

- * Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

- * Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

- * Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

- * Outras modificacións

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

- * Probas xa realizadas
Proba XX: [Peso anterior 00%] [Peso Proposto 00%]
...

 - * Probas pendentes que se manteñen
Proba XX: [Peso anterior 00%] [Peso Proposto 00%]
...

 - * Probas que se modifican
[Proba anterior] => [Proba nova]

 - * Novas probas

 - * Información adicional
-

DATOS IDENTIFICATIVOS

Redes Seguras

Materia	Redes Seguras			
Código	V05M175V01105			
Titulación	Máster Universitario en Ciberseguridade			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento				
Coordinador/a	Rodríguez Rubio, Raúl Fernando			
Profesorado	Nóvoa de Manuel, Francisco Javier Rodríguez Rubio, Raúl Fernando			
Correo-e	rrubio@det.uvigo.es			
Web	http://guiadocente.udc.es/guia_docent/index.php?centre=614&ensenyament=614530&assignatura=614530006&any_academic=2021_22&idioma_assig=cast			
Descrición xeral	A materia Redes Seguras ten como obxectivo principal que os estudantes aprendan a deseñar e implementar infraestruturas de rede capaces de proporcionar os servizos de seguridade precisos nun contorno corporativo moderno. Deberán coñecer as arquitecturas de seguridade de referencia e seren quen de configuralas en mantelas, utilizando para iso tecnoloxías como VPN, IDS/IPS e Firewalls entre outros. A materia esta concebida para que as prácticas de laboratorio, con equipos físicos e virtuais teñan unha importancia capital no proceso de aprendizaxe			

Competencias

Código

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe Competencias

Contidos

Tema

Planificación

